

O galego

Xa levo unha semana falando sempre en galego e, a verdade, non tiven ningunha dificultade para facelo. Puiden falar con case todo o mundo e entendíanme perfectamente, é máis, hai xente que o prefire e entende mellor ao castelán. Normalmente, estes últimos soen ser xente maior que a única lingua que saben falar é coa que se criaron, o galego. É unha lingua que dende pequeno gustoume e sentínme abrazada por ela; crieime falando en galego cos meus avós, amigos da escola... Puiden tamén ver as súas diferenzas xeográficas na fala dos meus avós maternos e paternos, o que fai ao galego un idioma moi rico e diverso. Ademais, creo que é algo exclusivo de nós e que temos a obriga de defendelo abertamente e de sentirnos orgullosos del.

O seguinte fragmento pertence a “Cantares gallegos” de Rosalía de Castro, nel fala do fermosa que é Galicia e polo tanto, do galego:

*Lugar máis hermoso
non houbo na terra
que aquel que eu miraba,
que aquel que me dera.*

*Lugar máis hermoso
no mundo n'hachara
que aquel de Galicia,
¡Galicia encantada!*

Rosalía de Castro: *Cantares gallegos*